

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2025/G005/000018.

Excmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **mércores, día 14 de maio de 2025, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO, E DEPORTES E XUVENTUDE

LICENZAS URBANÍSTICAS

1. LICENZA URBANÍSTICA PARA AS OBRAS DE REFORMA E MELLORA DO ESTADIO ANXO CARRO (Exp. 2024/Y001/000293).

DISCIPLINA URBANÍSTICA

2. APROBACIÓN PROPOSTA DE ENCARGO A MEDIO PROPIO (EVISLUSA) DA VALORACIÓN DO PROXECTO DE DEMOLICIÓN AVDA. CORUÑA, 24.

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

3. CONTRATACIÓN DE PATROCINIOS PUBLICITARIOS PARA AS FESTAS DE ARDE LUCUS 2025, EXP. REF. 2025-C005-000001. ADXUDICACIÓN
4. PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN PARA A CONCESIÓN DEMANIAL DE POSTOS DE VENDA NO MERCADO DE QUIROGA BALLESTEROS E NA PRAZA MUNICIPAL DO CONCELLO DE LUGO, EXP. REF. 2025/C012/000001.

PERSOAL

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac2555906624031915669.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14-5-2025

5. VALIDAR O RECOÑECIMENTO DO GRAO PERSOAL, NIVEL 20, A FAVOR DUNHA POLICÍA LOCAL E ABOAMENTO DAS DIFERENZAS RETRIBUTIVAS.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente,